



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIMIANZO

Convocatoria subvencións bases concurso disfraces Entroido en Vimianzo e Bañas 2026

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía número 92/2026 de data do 27/01/2026, acordouse a aprobar as bases reguladoras e convocatoria do concurso de disfraces de Entroido Vimianzo 2026.

O texto íntegro é o seguinte:

Bases reguladoras e convocatoria do concurso de disfraces de Entroido Vimianzo 2026

O Concello de Vimianzo convoca para o Entroido 2026 un concurso de disfraces, que se celebrará o sábado 14 de febreiro 2026 en Vimianzo e o sábado 24 de febreiro en Bañas, de conformidade coas seguintes bases reguladoras e coa convocatoria que se incorpora no seu articulado.

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

1. Obxecto e finalidade

1.1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que rexerán a concesión de **premios en metálico do Concurso de Disfraces de Entroido en Vimianzo e Bañas 2026**, coa finalidade de fomentar a participación cidadá, a dinamización cultural e a posta en valor das tradicións do Entroido no termo municipal de Vimianzo.

1.2. Os premios teñen a natureza de **subvencións en réxime de concorrencia competitiva**, ao existir solicitude/inscrición previa e valoración comparativa por un xurado, sen prexuízo da súa consideración como **premios de concurso cultural** para efectos tributarios.

2. Réxime xurídico

As presentes bases e a convocatoria rexeranse, no que resulte de aplicación, polo disposto na:

- 5 Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 6 Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- 7 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 8 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 9 Normas de execución do orzamento municipal e demais normativa concordante.
- 10 Plan Estratéxico de Subvencións vixente do Concello de Ortigueira, no marco do cal se integra esta liña de actuación.

3. Crédito orzamentario e contía máxima da convocatoria

3.1. A contía total máxima destinada ao financiamento destes premios ascende a **6.140,00 €**, (3.070,00€ Vimianzo e 3.070,00€ Bañas), con cargo á aplicación orzamentaria municipal de festas/actividades culturais que figure no expediente.

3.2. A concesión queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

4. Persoas beneficiarias e categorías de participación

4.1. Poderán participar no concurso, nas categorías previstas no punto 6, as seguintes modalidades:

1. Disfraces individuais infantís: participantes menores de 16 anos que concursen individualmente. (a solicitude deberá pesentala unha persoa adulta responsable do menor).
2. Disfraces individuais adultos: participantes maiores de 16 anos que concursen individualmente.
3. Disfraces en parella. agrupación formada por dous (2) compoñentes, que garden unha unidade temática entre os dous compoñentes.

4. Familias de Vimianzo: agrupación formada por mínimo seis (6) compoñentes, que inclúan polo menos tres xeracións, avxs, fillxs e netxs empadronadxs no Concello de Vimianzo.
5. Grupos: agrupación formada por un mínimo de tres (3) e un máximo de dezanove (19) compoñentes, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.
6. Comparsas agrupación formada por un mínimo de vinte (20) compoñentes, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.

Deberá elixirse só unha das categorías, de xeito que un mesmo disface non poderá participar noutras categorías. De detectar esta situación eliminarase da categoría individual.

Non terán dereito a premio disfraces que xa participaran en edicións anteriores.

En caso de que ao cubrir o formulario se marcasse a categoría equivocada, atribuiráselle de oficio a que lle correspon da.

5. Requisitos específicos. Menores de idade

5.1. **Menores de idade:** deberán ir acompañados en todo momento dun/da representante legal, que deberá acompañalos/as disfrazado/a no desfile.

5.2. No caso de menores de idade, as inscricións e, de ser o caso, a solicitude de cobro e o pagamento dos premios realizaranse a nome do/da adulto/a representante do menor.

6. Premios

Establécense os seguintes premios por categorías:

- a) **Individual infantil** - 1º Premio: 60 € - 2º Premio: 40€ - 3º Premio: 20 €
- b) **Individual adulto** - 1º Premio: 100 € - 2º Premio: 75€ - 3º Premio: 50 €
- c) **Parellas**- 1º Premio: 100 € - 2º Premio: 75 € - 3º Premio: 50 €
- d) **Familias empadroadas en Vimianzo de mínimo 6 integrantes e 3 xeracións:** Premio: 200 €
- e) **Grupos de 3 a 19 integrantes** - 1º Premio: 300 € - 2º Premio: 200 € - 3º Premio: 100 €
- e) **Comparsas de 20 ou máis integrantes** - 1º Premio: 1000 € - 2º Premio: 500 € - 3º Premio: 200 €

II. CONVOCATORIA 2026

7. Prazo e lugar de inscrición/solicitude

7.1. As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición/solicitude conforme ao modelo do Anexo I que se publicará na web municipal.

7.2. A inscrición poderá realizarse:

- *A través da Sede electrónica do Concello.*
- *Presencialmente no Rexistro do Concello, Praza do Concello, número 6.*

7.3. O prazo de presentación iniciárase o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP e rematará o día 12 de febreiro de 2026, ata as 23:59horas para o concurso de Vimianzo. No concurso de Baiñas rematará o día 19 de febreiro de 2026 ata as 23:59horas.

No caso de que unha persoa presente por erro varias inscricións na mesma categoría, darase por válida a última presentada.

En caso de inscrición de parellas, grupos e comparsas os datos que deban constar na solicitude serán os dun membro do grupo, que se considerará representante do mesmo a todos os efectos.

Si se presentan a través de asociacións deben acreditar o poder de representación.

En función da orde de inscrición asignaráselles aos solicitantes un número de dorsal para a orde no pasarrúas e nas actuacións. O dorsal deberá ser recollido polo solicitante o 14 de febreiro ás 16 h. na praza do Concello e o 21 de febreiro ás 20 h. no Pavillón de Baiñas.

8. Datos que debe conter a solicitude (Anexo I)

As persoas solicitantes deberán facer constar, como mínimo, os seguintes datos:

- k) Nome e apelidos da persoa individual que participa ou, no seu caso, do/da representante do grupo.
- l) Enderezo a efectos de notificación.
- m) Número de documento de identidade ou número de identificación fiscal.

- n) Teléfono e correo electrónico.
- o) Nome da comparsa ou disface.
- p) Número de membros e municipio ao que pertence.
- q) Sinatura de aceptación das presentes bases.

Para asociacións: nome, CIF e razón social da entidade; nome, apelidos e DNI do/da representante; teléfono, correo electrónico e municipio.

III. DESENVOLVEMENTO DO DESFILE E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

9. Desfile e concurso: desenvolvemento e condicións

9.1. Os/as concursantes deberán recoller entre o 14 de febreiro ás 16 h. na praza do Concello e o 21 de febreiro ás 20 h. no Pavillón de Baiñas, o número de orde, que levarán nun lugar visible durante o desfile.

9.2. Todos/as os/as participantes inscritos deberán participar obrigatoriamente no desfile, que en Vimianzo sairá ás 16:30 h da praza do concello e percorrerá as rúas para rematar . no pavillón de Vimianzo . En Baiñas o desfile arricará ás 20 do Outeiro e rematará no Pavillón de Baiñas.

9.3. Os concursantes que non figuren no listado oficial ou se presenten fóra do prazo estipulado poderán participar no desfile, pero non no concurso.

9.4 Cada participante só poderá presentarse a unha categoría do concurso.

9.5 Non poderán utilizar ningunha substancia que poida ser inflamable ou perigosa.

9.6 Poderán ser excluídos disfraces que pola súa temática ou elaboración podan resultar vexatorios ou discriminatorios, a criterio do órgano convocante.

9.7 Durante a celebración do concurso poderán efectuarse gravacións e fotografías, incluíndo ás persoas participantes e asistentes, estas fotografías poderán ser utilizadas nos medios que o Concello de Vimianzo estime oportuno.

10. Coreografía

O tempo de duración da coreografía que se exhiba non poderá superar os 8 **minutos** coa finalidade de non ralentizar o desfile. A organización poderá deter a exhibición e dar paso á seguinte. Se esta se prolongase máis do debido poderá terse en conta negativamente por parte do xurado. A coreografía realizarase no espazo que determine a organización para a correcta visibilización por parte do xurado.

Os/as participantes que necesiten música para a coreografía deberán entregarlle á organización antes do comezo do concurso de disfraces.

Agrupacións con carroza: se as carrozas son remolcadas por un vehículo, deberán contar co permiso de circulación, ITV en regra e o seu seguro correspondente. A responsabilidade, en caso de accidente, será da persoa física ou xurídica inscrita no concurso ou, no seu caso, do condutor.

Non se permitirá o acceso aos pavillóns de vehículos, plataformas, carromatos ou similares.

11. Cambios por causas meteorolóxicas

No caso de que por razóns climatolóxicas non puidese realizarse o percorrido, será trasladado aos pavillóns.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

12. Instrución e órgano competente

12.1. O órgano instrutor do procedemento será o servizo/departamento municipal competente en materia de cultura, que realizará as actuacións de ordenación e impulso e comprobará a existencia da inscrición presentada.

12.2. O órgano competente para resolver a concesión dos premios será a Alcaldía-Presidencia do Concello de Vimianzo, sen prexuízo das delegacións que poidan estar vixentes.

13. Xurado: composición, funcións e criterios de valoración

13.1. O xurado estará formado por representantes dos medios de comunicación da Costa da Morte.

13.2. O xurado para a selección dos premios terá en conta o pasarrúas, a representación ou actuación realizada durante o concurso, a orixinalidade e a confección dos disfraces.

13.4. Os membros do xurado, nin os seus familiares de primeiro grao poderán, en ningún caso, participar neste concurso.

13.5. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios no caso de considerar que os disfraces non reúnen as condicións precisas. En caso de empate, poderá propoñer a concesión **ex aequo** ou a resolución conforme a un criterio de desempate que se fará constar na acta. En ningún caso o xurado poderá incrementar a contía total máxima da convocatoria nin alterar o cadro de premios establecido nestas bases.

14. Proposta, resolución e publicación

14.1. O resultado da deliberación do xurado reflectirase nunha acta, que terá carácter de **proposta técnica** de adxudicación.

14.2. Á vista da acta, o órgano instrutor elevará proposta de resolución ao órgano competente. A resolución administrativa aprobará a relación de premiados/as e a contía correspondente, declarará, de ser o caso, premios desertos e ordenará a súa publicación.

14.3. A acta do concurso e a resolución publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Ortigueira e na sede electrónica. A publicación substituirá a notificación individual de conformidade coa Lei 39/2015.

14.4. De conformidade coa normativa de subvencións, a convocatoria publicárase a través da **Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** e o **extracto** no BOP da Provincia da Coruña, ademais da sede electrónica municipal.

15. Entrega de premios e condición de presenza

Todos/as os/as participantes (incluída a totalidade dos grupos e comparsas) deberán estar presentes fisicamente na entrega dos premios para optar aos mesmos, **exceptuando menores**, para os que non se esixirá a súa presenza por cuestións de horario.

V. XUSTIFICACIÓN, PAGAMENTO E OBRIGAS

16. Solicitude de cobro, documentación e prazo

16.1. O pagamento dos premios efectuarase exclusivamente mediante transferencia bancaria a unha conta a nome da persoa física representante e asinante da inscrición ou da persoa xurídica gañadora.

16.2. Para proceder ao pagamento, deberá presentarse polo rexistro municipal a correspondente solicitude de cobro do premio, acompañada da seguinte documentación:

- Certificación bancaria de titularidade da conta.
- Certificados de non ter débedas coa Facenda Galega, Administración tributaria e Seguridade Social en vigor.

16.3. O prazo para a presentación desta documentación rematará aos **30 días naturais** contados dende o día seguinte á data de publicación da acta do concurso no taboleiro electrónico do Concello de Vimianzo.

16.4. Os premios estarán suxeitos ás retencións e ingresos a conta que correspondan segundo a normativa tributaria vixente (IRPF/IS/IRNR).

17. Obrigas das persoas beneficiarias

Con carácter xeral, as persoas beneficiarias quedan obrigadas a:

- Aceptar as bases e a resolución de concesión.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar o Concello e, de ser o caso, outros órganos de control.
- Acreditar estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social cando sexa exixible.
- Comunicar ao Concello calquera circunstancia que poida afectar á concesión ou ao pagamento do premio.

18. Perda do dereito ao cobro e reintegro

18.1. Procederá a perda do dereito ao cobro, total ou parcial, e, de ser o caso, o reintegro das cantidades percibidas, nas circunstancias previstas na normativa de subvencións e, en particular, nos supostos de:

- Obtención do premio falseando condicións ou ocultando aquelas que o impedirían.
- Incumprimento das obrigas impostas nas bases e na resolución (incluída a participación efectiva no desfile e as condicións organizativas do concurso).
- Non presentación en prazo da solicitude de cobro e/ou da documentación exixida.
- Renuncia expresa ao premio.

18.2. O procedemento de reintegro tramitarase conforme á normativa de subvencións e ao procedemento administrativo común.

19. Protección de datos e dereitos de imaxe

Os datos persoais achegados serán tratados polo Concello de Ortigueira como responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar a participación no concurso e, de ser o caso, a concesión e pagamento dos premios, así como a publicación de resultados (nome/denominación e categoría). As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e demais previstos na normativa de protección de datos, a través dos canais municipais.

A participación implica a autorización para a toma e difusión de imaxes do desfile e do acto de entrega de premios con fins informativos e de promoción cultural municipal, especialmente no ámbito institucional, sen prexuízo dos dereitos que asisten ás persoas interesadas.

20. Recursos

Contra a resolución de concesión poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade coa Lei 39/2015 e coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

21. Aceptación

A participación no concurso de disfraces implica a aceptación íntegra destas bases reguladoras e da convocatoria.

22. Publicación

As presentes bases e convocatoria publicaranse no BOP da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello de Vimianzo. Para os efectos previstos na normativa de subvencións, tramitarase tamén a publicidade a través da BDNS e a publicación do correspondente extracto no BOP.

Vimianzo.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(Documento asinado dixitalmente)

ANEXO I. MODELO DE INSCRICIÓN/SOLICITUDE**CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO CONCELLO DE VIMIANZO 2026 – INSCRICIÓN/SOLICITUDE****1. Datos da persoa solicitante (individual) ou do/da representante do grupo**

- Nome e apelidos / Razón social (se procede): _____
- DNI/NIF/CIF: _____
- Enderezo a efectos de notificación: _____
- Teléfono: _____ Correo electrónico: _____
- Municipio: _____

2. Datos de participación

- Nome do disfrace/comparsa: _____
- Categoría: ☐ Individual infantil ☐ Individual adulto ☐ Parella ☐ Familia ☐ Grupo ☐ Comparsa
- Número de integrantes: _____
- No caso de asociación nome da entidade: _____
- No caso de menores: nome do/da menor e datos do/da representante legal: _____

3. Declaracións e autorizacións (marcar)

- ☐ Declaro coñecer e aceptar as bases reguladoras e a convocatoria.
- ☐ Comprométome a participar no desfile e a cumprir as indicacións da organización.
- ☐ Autorizo a publicación do meu nome/denominación e categoría como participante e, de ser o caso, como premiado/a.
- ☐ Autorizo a captación e difusión de imaxes do desfile e da entrega de premios con fins informativos municipais.

Lugar e data: _____

Sinatura: _____

ANEXO I

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN/SOLCITUDE NO CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO DO CONCELLO DE VIMIANZO 2026

Desexamos participar no Concurso de Comparsas de Entroido 2025 do Concello de Vimianzo

☐ 14 de febreiro en Vimianzo
☐ 21 de febreiro en Baiñas
Nome e apelidos/ razón social (se procede)
DNI/CIF:
Enderezo:
Poboación
Código Postal:
Representante legal:
NIF:
Enderezo:
Poboación / C.P.
Teléfono de contacto: Correo electrónico:

Características do disfrace participante:

Nome do disfrace/ parella/familia/grupo/comparsa:

Número de integrantes:

Temática :.....

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO IV**(autorización expresa en caso de menores de idade).

Declaracións e autorizacións (marcar):

- ☐ Declaro coñecer e aceptar as bases reguladoras e a convocatoria.
- ☐ Comprométome a participar no desfile e a cumprir as indicacións da organización.
- ☐ Autorizo a publicación do meu nome/denominación e categoría como participante e, de ser o caso, como premiado/a.
- ☐ Autorizo a captación e difusión de imaxes do desfile e da entrega de premios con fins informativos municipais.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIMIANZO

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE REUNIR TODAS AS CONDICIÓN INDISPENSABLES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE VIMIANZO 2026

Don/a

DNI

Actuando en representación da

entidade.....

CIF

Enderezo:

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a entidade á que represento ou as persoas físicas participantes, no caso de grupos, parellas ou persoas participantes de xeito individual, está ao corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias** e coa **Seguridade Social** e cumpren os requisitos para obter la condición de beneficiario, nos termos establecidos na Lei xeral de Subvencións, así como comprométense a manter esta situación durante todo o prazo de tramitación do expediente, e autoriza ao concello a comprobar, no seu caso a veracidade do declarado.

E para que así conste e surta os efectos oportunos asino a presente en

Lugar, data e sinatura do representante:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIMIANZO

ANEXO III**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES**

Don/a

con DNI núm..... como responsable da comparsa/grupo

denominada/o cumpro os requisitos previstos no artigo

13.5 da Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor.¹ e nos termos e alcance do establecido no artigo 69 de Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vimianzo, ____ de _____ de

¹ Artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor indica textualmente que: “Será requisito para el acceso y ejercicio a las profesiones, oficios y actividades que impliquen contacto habitual con menores, el no haber sido condenado por sentencia firme por algún delito contra la libertad e indemnidad sexual, prostitución y explotación sexual y corrupción de menores, así como por la trata de seres humanos. A tal efecto, quien pretenda el acceso a tales profesiones, oficios o actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante la aportación de una certificación negativa del Registro Central de delincuentes sexuales”.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIMIANZO

ANEXO IV

Autorización expresa: (en caso de menores de idade)

Dados do pai /nai /titor que autoriza expresamente a participación do menor e asume plenamente a responsabilidade da súa participación neste concurso

[illegible]

O que se fai público para os efectos oportunos.

Vimianzo, 19 de xaneiro de 2026

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2026/490